



Esta cartografía social corporal, representada sobre a silueta dun corpo humano, busca poñer a mirada en como afectan en nós os discursos de odio, atendendo a catro esferas: mental, emocional, física e espiritual/relacional, que teñen a súa base na Cosmovisión Maia.

Quería plasmalo na silueta do corpo dunha muller, pero nun corpo que non fora totalmente normativo. Buscar inspiración para debuxar a silueta foi complexo, pois a gran maioría seguían cos canons de beleza establecidos, o que inspira unha gran crítica á pouca representatividade da variedade e validez de todos os corpos.

Comezarei polo corazón en chamuscas como representación do dano xeral que producen os discursos de odio, facendo que moitas das veces que os escoitas sintas algo así como unha mestura entre rabia e “impotencia”. Pero máis importante, o nó na gorxa, que fai referencia a todas as veces que se escoitan estes discursos e non se pode, “debe” ou mesmo non se sabe como responder a comentarios dese tipo. Téñenme dito moitas veces antes dunha reunión en familia “se se meten a temas de política e temas sociais non discutas con ninguén”. Intentas calar por manter a situación en calma, pero hai cousas ante as que non se pode facer que non se oe e simplemente calar. Se sempre calamos nunca conseguiremos concienciar á xente que nos rodea, unha labor de gran importancia, sobre todo para as persoas educadoras.

A pesa que se atopa colgando dunha man, pois moitas veces estes discursos supoñen un peso para as persoas ás que van dirixidos, supoñen que moitas veces sintas esa presión social de encaixar con certas “normas” coas que non estás de acordo ou coas que non te sentes cómoda. En certos momentos ou situacións fanche pensar máis no que se espera de ti que no que realmente sentes ou queres, supoñendo unha dualidade entre o que queres facer e o que debes facer, o que implica en certa parte unha perda de liberdade.

Relacionado con isto, ao lado do oído está debuxado “Pepito grillo”, unha personaxe da nosa infancia, a conciencia de Pinocho, que está aí sempre para recordarlle o que está ben e o que está mal. Como xa mencionei, estes discursos, fan que moitas veces teñamos a un “Pepito grillo” detrás da orella xulgando certas cousas que facemos ou recordándonos esas “normas” que debemos seguir para que a sociedade nos acepte e non nos xulgue.

En canto á rosa con raíces, complementase moi ben co debuxo do libro. Os discursos de odio levan tendo un oco na nosa sociedade dende fai moito tempo, polo que están moi enraizados nesta. Ese é en gran parte, o motivo polo que son tan complexos de eliminar

e polo que moitas veces non se xulgan como se debe, pois están demasiado normalizados.

Vese unha ruptura das raíces das que nace unha rosa, esa ruptura é a educación (que está representada polo debuxo do libro), e a rosa representa a nova sociedade libre de odios, prexuízos, discriminacións e outros motivos que coartan a liberdade das persoas.

A educación é a única solución viable para rematar con todos estes discursos, pero unha educación crítica e dende a infancia, tanto no ámbito formal como no non formal, e tanto dentro do currículo explícito como do oculto. A educación é a única que pode facer que as persoas se deconstrúan para volver construírse dende unha perspectiva de igualdade, dereitos, dignidade e liberdade de todas as persoas.

O debuxo do escudo no centro do corpo é debido a que o tipo de comentarios que levan odio, fan que moitas veces empreguemos escudos como método de defensa para que estes non nos afecten ou nos afecten menos. Como dixen, é un método de defensa totalmente válido pero non é a solución; eu son a primeira que o emprega, pero consciente de que como mencionei, a solución está na educación, en deconstruír os nosos pensamentos e en non calar ante estas inxustizas.

Debuxei tamén unhas mans atadas, que representan a coartación de liberdade que supoñen certos discursos de odio, volvemos a unha sociedade que marca un camiño do que non se pode saír. Como muller, estas mans poderían ser o coñecido como “teito de cristal”, que nos impide acceder a certos lugares, postos ou conseguir certos logros aos que aspiramos. Fan que moitas veces, incluso rematemos por crer iso que se di e pensemos que non podemos chegar a conseguir certos retos.

En conclusión, son comentarios que por desgraza escoitamos no día a día, das persoas que nos rodean e que afectan a todas as esferas dunha mesma persoa, facendo un gran dano tanto individual como social, tanto ás persoas concretas como ás relacións que estas establecen entre elas.